

**BASES PARA A PROVISIÓN DE TRES (3) PRAZAS DE PEÓN DE EMERXENCIAS,
PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS
PARA O GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) DA ZONA BAIXA LIMIA-
MUIÑOS**

PRIMEIRA.-OBJECTO DA CONVOCATORIA

1.- O **obxecto** das presentes bases é regular a contratación laboral temporal por este concello para cubrir **3 prazas de peón de emerxencias, prevención e defensa contra incendios forestais** para o GES da zona Baixa Limia-Muiños.

2.- Os Contratos a formalizar se enmarcan no marco do “**Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Ourense, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais**”, asinado en data 30 de decembro do 2021.

No Anexo I do devandito Convenio se identifica o GES Zona Baixa Limia-Muiños que abrangue como ámbito de actuación os concellos de Bande, Calvos de Randín, Porqueira e Muiños con sede neste último Concello, e na cláusula 3ª de dito Convenio se sinala que cada GES estará composto por 12 efectivos. Na actualidade o GES da zona Baixa Limia-Muiños conta con 9 efectivos polo que é necesario proceder a integración de 3 novos efectivos.

3.- Os contratos que se subscribirán son **contratos laborais de duración determinada de substitución para a cobertura dun posto de traballo durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva mediante contrato fixo** que regula o artigo 15.3 parágrafo 3 do Estatuto dos traballadores, aprobado por RD-lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, modificado polo RD-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía de estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

O Concello ten que realizar todos os trámites previos precisos para poder proceder a selección destas 3 prazas como persoal laboral fixo (Cumplimento da tasa de reposición do artigo 20.1 da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano



2022 ou, no seu caso, conforme ó art. 20.Tres.5 da Lei 22/2021 solicitar á Xunta de Galicia a cesión da taxa de reposición por ser esta Administración a titular do servizo, ou solicitar ó Ministerio de Facenda a taxa de reposición específica prevista na D.A. 4ª do Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo; modificar a Relación de Postos de Traballo (RPT) e a Plantilla de Persoal; aprobar a oferta de emprego público; e demais trámites necesarios).

Mentras dura dito proceso de selección é preciso proceder a unha contratación laboral temporal interina (na modalidade de contrato laboral de duración determinada de substitución para a cobertura de posto de traballo durante o proceso de selección), pois se cumpre ó artigo 20.Catro da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, xa que a contratación que se pretende se trata dun caso excepcional para cubrir necesidades urxentes e inaplazables que afectan ó funcionamento do servizo público esencial de GES, xa que é preciso dotar urxentemente a este servizo dos 3 efectivos que lle faltan para completar os 12 requeridos polo Convenio e poder así prestar os seus cometidos fundamentais, entre outros, atención ás emerxencias municipais e a prevención e extinción de incendios.

Nesta línea a D.A. 4ª parágrafo 3º do Real Decreto Lei 32/2021 sinala que, **en relación ó sector público**, *“Igualmente se poderán suscribir contratos de substitución para cubrir temporalmente un posto de traballo ata que finalice o proceso de selección para a súa cobertura definitiva, (...)”*.

4.- O sistema de selección: **concurso-oposición**.

5.- Duración: **ata que finalice o proceso de selección para a cobertura definitiva** destas 3 prazas como persoal laboral fixo.(D.A. 4ª RD-Lei 32/2021).

6.- Xornada laboral: completa, de luns a domingo.

7.- Salario bruto mensual: **1.460,68 €** (incluídos tódolos conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias)



SEGUNDA.-FUNCIONES

As funcións que se realizarán como peóns do Grupo de Emerxencias Supramunicipal, son as recollidas **nas cláusulas cuarta e quinta do Convenio de colaboración** entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais, asinado en data 30 de decembro do 2021 e así:

- Intervir en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación. No caso de incendios forestais, coordinaranse tecnicamente co distrito forestal. No caso de que na súa demarcación exista parque comarcal de bombeiros, a actuación en incendios urbanos realizarase de xeito coordinado con este.
- Definir e manter as redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais de competencia municipal.
- Investigar a propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal en aplicación da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos forestais ou de influencia forestal da titularidade dos concellos ou de propietario descoñecido e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas segundo a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.
- Realizar actuacións de prevención da vespa velutina por seguridade da poboación tales como control e retirada de niños, entre outras actuacións que contribúan a súa prevención.
- Prácticas preventivas naqueles camiños e espazos públicos que poidan ao mesmo tempo servir de corta lumes naturais ante calquera perigo de lume.
- Intervir en situación derivadas de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas, e sen ser responsables do seu mantemento, mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente, utilizando para elo os materiais e medios que se requiran. A responsabilidade derivada das reclamacións patrimoniais que poidan xurdir, será da administración titular da vía na que se produza o sinistro.



- Intervir en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntes de terra, situacións de seca, así como actividades de control fronte a vespa velutina por seguridade das persoas.
- Colaborar, e no seu caso, intervenir en situacións derivadas de riscos inducidos polo home.
- Colaborar coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados. As actuacións serán obxectivamente analizadas polo concello sede.
- Colaborar e prestar apoio en calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou medio ambiente.
- Colaborar nas funcións correspondentes dos grupos de acción establecidos nos plans de emerxencia municipal (PEMUS), plans de actuación municipal (PAM), e nos diferentes plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos na normativa legal vixente.
- Realizar actividades e, no seu caso, establecer medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacións de riscos indicados nos apartados anteriores.
- Retirada de animais feridos, mortos ou abandonados, que ocasionen un risco para a salubridade ou risco pola perigosidade debido a tipoloxía, raza, estado, ou situación do animal, sempre que o concello onde se atope o animal se faga cargo de aboar o custo do seu depósito nun refuxio, canceira, zoolóxico, etc, dando el a orde de recollida e indicando onde se vai a levar.
- Eventualmente axudarán a garantir a sanidade e a salubridade das persoas, dos espazos públicos e do medio ambiente participando na limpeza e recollida de materiais nocivos que requiran ser retirados de xeito inmediato por ser un risco para as persoas, bens ou medio ambiente.
- Calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e medio ambiente, servizos sociais, culturais, educativos e deportivos e outras de competencia municipal, vinculadas a unha situación emerxencia ou prevención da mesma, ou calquera actuación necesaria para resolver unha situación de urxencia e interese público.
- Actuacións de definición das redes de faixas de xestión da biomasa e investigación da propiedade e estado da biomasa
- Actuacións de silvicultura preventiva.



TERCEIRA.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para participar nesta convocatoria, os/as aspirantes deberán reunir na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) **Nacionalidade:** Ser español ou cidadán dalgún Estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 do RD-Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, así como extranxeiros con residencia legal en España.
- b) **Idade:** Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) **Titulación:** Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou graduado escolar ou equivalentes aos efectos laborais. (o certificado de escolaridade considérase equivalente ao Graduado Escolar segundo Orde de 20 de xuño pola que se establece a equivalencia do certificado de escolaridade e de outros estudos co título de graduado escolar regulado na Lei 14/1970, de 4 de agosto, xeral de Educación e financiamento da reforma educativa a efectos laborais).
- d) Acreditación de estar en posesión do **CELGA 1** ou ter superado o curso de iniciación en lingua galega ou nivel equivalente. Os candidatos que non estén en posesión do mesmo, deberán facer unha proba de coñecemento da lingua galega nivel de Celga 1, na que terán que ser declarados aptos.
- e) Estar en posesión do **permiso de conducir tipo C, en vigor.**
- f) **Capacidade funcional:** Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio de certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.
- g) **Habilitación:** Non ter sido separado ou separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou inhabilitada nin en situación equivalente, nin ter sido sometido ou sometida a situación disciplinaria ou



equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- h) **Incompatibilidade:** Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- i) **Acreditar o ingreso** da cantidade fixada como dereitos de exame xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo.

2. Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, ao menos, ata a data do seu nomeamento como persoal laboral, no seu caso.

CUARTA.-PRESENTACION DE SOLICITUDES

1. As instancias solicitando formar parte do proceso selectivo presentaranse no modelo oficial facilitado polo Concello de Muíños (anexo II), e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>] ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **cinco días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da da Provincia (BOP).

De non presentarse as solicitudes no Rexistro Xeral, e co fin de axilizar os trámites, é aconsellable que os/as interesados/as, dentro do prazo, remitan por correo electrónico (concello.muinos@eidolocal.es), a comunicación da presentación da solicitude por algún dos medios previstos no referido artigo 16 da Lei 39/2015.

O horario de presentación de documentación no rexistro do Concello será de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

As bases íntegras publicaranse na sede electrónica deste Concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>], no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello (concellomuinos.com).

2. O modelo de solicitude figura como Anexo II das presentes bases. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Fotocopia cotexada do DNI ou documento equivalente para xustificar a personalidade.



- b) Fotocopia cotexada do título esixido nas presentes bases.
- c) Acreditación de estar en posesión do **CELGA 1** ou ter superado o curso de iniciación en lingua galega ou nivel equivalente.
- d) Fotocopia cotexada do permiso de conducir tipo C.
- e) Declaración xurada, cuxo modelo figura como Anexo III das presentes bases.
- f) Xustificante de pago de taxa por dereitos de exame para a participación en probas selectivas ao emprego público municipal (Ordenanza fiscal publicada no BOP nº197 do 28/08/2014), de acordo co seguinte detalle:

-“Tarifa sexta-persoal laboral temporal e funcionarios interinos :10,00 €”.

O pago da taxa realizarase mediante o ingreso na conta bancaria de titularidade municipal seguinte:

ES13 2080 0442 1131 1000 0025

En ningún caso, a mera presentación da acreditación do pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da solicitude de participación en tempo e forma.

A falta de pago da taxa no prazo sinalado anteriormente determinará a exclusión do/a aspirante ás probas selectivas.

Non procederá devolución algunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ó/á interesado/a.

- g) Documentación acreditada dos méritos alegados para a convocatoria, mediante orixinais ou fotocopias cotexadas. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos.

QUINTA.-ADMISIÓN DOS/ DAS ASPIRANTES

Logo de rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía, como responsable de persoal, ditará unha resolución na que se aprobará a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, que será exposta no taboleiro de anuncios, na páxina web e sede electrónica deste Concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>]. Os/as aspirantes excluídos/as e/ou omitidos/as disporán dun prazo de **2 días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución, para enmendar o defecto que motivase a exclusión, en todo caso por escrito, constando a descrición precisa da reclamación e achegando a documentación en que se fundamente.



As reclamacións deberán ser rexistradas e presentadas de idéntica forma que as solicitudes.

Non caben reclamacións para a falta de documentación non achegada no seu momento.

Rematado o prazo de reclamación e/ou de emenda de erros, o Sr. alcalde ditará unha resolución aprobando a listaxe de admitidos e excluídos definitiva, fixando a data da celebración das probas selectivas e da proba de galego, de ser o caso, que se publicará no Taboleiro de Anuncios, na páxina web do concello e na sede electrónica deste Concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>]

No caso de que por circunstancias excepcionais houberse que modificar lugar, data ou hora das probas selectivas, publicarase no Taboleiro de Anuncios, na páxina web do concello e na sede electrónica deste Concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>].

No caso de non presentarse reclamacións polos/as aspirantes excluídos/as (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o/a interesado/a poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses desde a citada data.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

SEXTA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal cualificador deste concurso-oposición estará integrado polos membros que de seguido se relacionan:

Tribunal titular:

Presidente : -D. Manuel Valentín Pérez Nieto, adxunto ao xefe do Servizo de Recursos Humanos da Excma. Deputación Provincial de Ourense.

Secretaria :

-Dna. Maria Elena Dominguez Gomez, Secretaria Interventora Acctal do Concello de Muños.

Vogal :

- D. José Fírvida Rodríguez, xefe do Parque de Maquinaria da Excma. Deputación Provincial de Ourense.



Vogal :

-D. José Angel Basalo Coutado, Chófer de Góndola do Parque de Maquinaria da Excma. Deputación Provincial de Ourense.

Vogal :

-Dña Ana M^a Antúñez Pérez, Técnica en Asistencia Xurídica, Administrativa e de Urbanismo do Concello de Muíños.

Tribunal suplente:

Presidente :

-D. Esteban Fernández Álvarez, xefe de Sección de Selección de Persoal do Servizo de Recursos Humanos da Excma. Deputación Provincial de Ourense.

Secretaria:

-Dña . Rosa Pena Seoane, Administrativa do Concello de Muíños.

Vogal :

- D. Manuel Ángel Rodríguez Rodríguez, xefe do Servizo de Medio Rural da Excma. Deputación Provincial de Ourense.

Vogal :

-D. Luis Salgado Vázquez, xefe do Negociado de Serizos Intermunicipais da Excma. Deputación Provincial de Ourense

Vogal :

-Dña. M^a Carmen Dominguez Pérez, Traballadora Social do Concello de Muíños

O Tribunal Cualificador de cada posto de traballo está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do/a secretario/a, titular ou suplente.

O réxime xurídico aplicable aos Tribunais de selección será o que se establece para os órganos colexiados na sección 3^a, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.



Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos ao órgano que efectuase o seu nomeamento, cando concorran neles algunhas das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

SÉTIMA.-COMEZO DOS EXERCICIOS

1. A data e hora na que deberá constituírse o Tribunal (aos efectos de valoración do concurso e elaboración das probas) será determinada pola Alcaldía mediante acordo, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e a data da celebración do primeiro exercicio, a cal publicárase mediante anuncio no taboleiro de anuncios, na páxina web e sede electrónica deste Concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>].

2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparecerán a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas que serán resoltos motivadamente polo Tribunal.

3. Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos mesmos.

OITAVA.-DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS

1. En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa identidade.

2. A orde de actuación dos opositores para a realización daqueles exercicios que non poidan facerse de xeito simultáneo, comezará polos que o primeiro apelido corresponda coa letra que determine a Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública para o ano de celebración dos exercicios.

3. Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñer ao Sr. Alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas ós efectos procedentes.



4. Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o Tribunal fará pública no taboleiro de anuncios, na páxina web e sede electrónica deste Concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>], a relación de aspirantes que o superaran con indicación da puntuación obtida.

Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de non aptos.

NOVENA.-COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS E FASE DE CONCURSO

FASE DE OPOSICIÓN: MAXIMO 20 PUNTOS

PRIMEIRO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 50 preguntas (e 5 de reserva) con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria (Anexo I), durante un período de 70 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo. (Puntuación máxima: **10 puntos** – 0,20 puntos/resposta correcta-, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba). As respostas erradas restarán 0,10 puntos e as respostas non contestadas non se cualificaran.

SEGUNDO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Consistirá na realización dunha proba práctica sobre as funcións a desenvolver (primeiros auxilios, excarceración de vehículos, incendios, etc.), tendo en conta o temario que figura como Anexo I, e que será determinado polo Tribunal antes da súa realización. (Puntuación máxima: **10 puntos**, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba).

TERCEIRO-PROBA DE GALEGO

Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, cuio tenor literal e o seguinte “*nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións*”



públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega”.

Se o aspirante non está exento da proba de galego deberá realizar unha proba escrita proposta polo tribunal, nun tempo máximo de trinta minutos.

Estarán exento da realización esta proba aqueles aspirante que posúan o **Celga 1** ou equivalente. Estes aspirantes terán a cualificación de **apto ou non apto**.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

FASE DE CONCURSO: MÁXIMO 10 PUNTOS

Realizarase rematada a fase de oposición.

O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 10 (sobre un total de 30 puntos da puntuación total do procedemento, ou proporción que resulte equivalente). O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

1. Méritos Profesionais..- Máximo 6 puntos.

- a) Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como persoal dos Grupos de Emerxencias Supramunicipal nos últimos catro anos á 0,10 puntos ata un máximo de 3 puntos.
- b) Por cada mes completo prestando, nos últimos catro anos, servizos operativos de intervención directa en emerxencias, accidentes, incendio, e outras labores de salvamento, no ámbito da protección civil municipal ou Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de carácter público: 0,10 puntos, ata un máximo de 2,5 puntos.
- c) Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas nos últimos catro anos en postos de traballo semellantes aos que se convocan:0,10 puntos por cada mes completo ata un máximo de 0,5 puntos.



A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial ou en períodos de tempo menores aos sinalados.

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

A experiencia profesional como persoal dos GES, protección civil ou en praza ou posto de igual contido no ámbito da administración Pública xustificárase:

Presentando certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada), e copia dos contratos de traballo ou certificación expedida pola Secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal onde constarán os seguintes datos:

- Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.
- Relación xurídica que mantuvo ou mantén no desempeño dos postos coa Administración.

Para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o interesado haberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas.

2. Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública): **Máximo 2 puntos.**

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación mínima. Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.



No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

Aos efectos da súa valoración os título ou documentación acreditativa deberán indicar o contido dos cursos, seminarios, congresos, xornadas.

3. Titulacións oficiais en materia de emerxencias e protección civil. Máximo 2 puntos.

Por estar en posesión do Título de Técnico en emerxencias e protección civil, ou do Técnico Superior en Coordinación de Emerxencias e Protección Civil: 2,00 puntos

Para acreditar os méritos sinalados nos puntos 2 e 3 do baremo haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

Os puntos obtidos na fase de concurso sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva de aprobados. Estes puntos non poderán ser aplicados para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima a outorgar nos anteriores apartados, será a seguinte:

- Méritos profesionais: Máximo 6,00 puntos.
- Cursos e seminarios, etc.: Máximo 2,00 puntos
- Titulacións oficiais en materia de emerxencias e protección civil: Máximo 2,00 puntos

DÉCIMA.- CUALIFICACIÓN E RELACIÓN DE APROBADOS

1. Cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios, serán cualificados de 0 a 10 puntos, sendo necesario para aprobar cada un dos exercicios e acceder ao seguinte obter unha puntuación mínima de cinco puntos.

A **cualificación final da fase de oposición** virá determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polos aspirantes que foran superando todos e cada un dos sucesivos exercicios obrigatorios e eliminatorios, non computándose a fase de concurso a todos aqueles aspirantes que non superen a fase de oposición.

2. A **cualificación final** obterase sumando a puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición. Determinada a cualificación final dos aspirantes o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios, na páxina web e sede electrónica deste Concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>].



3. O Tribunal, en ningún caso, poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

4. Porén, o Tribunal ao cualificar cada uno dos exercicios non terá en conta a limitación anterior, a cal só se terá en conta para formular á Alcaldía a proposta coa puntuación final, os cales nunca poderán superar o número de prazas convocadas.

5. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e se isto non fora suficiente pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios eliminatorios e na valoración da fase de concurso pola orde establecida (1º méritos profesionais 2º Cursos 3º titulacións) ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos interesados.

DÉCIMOPRIMEIRA.- APORTACIÓN DE DOCUMENTOS POLOS ASPIRANTES PROPOSTOS

Os aspirantes propostos presentarán, dentro do **prazo de 3 días hábiles** contados a partires da publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

- Documento Nacional de Identidade mediante fotocopia compulsada por ambos os dous lados.
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Certificado médico de non padecer enfermidade que inhabilite para o exercicio da función.
- Fotocopia compulsada do carné de conducir en vigor esixido na convocatoria.

Dentro do prazo indicado, e agás os casos de forza maior, os aspirantes propostos que non presenten a súa documentación ou non reunirse os requisitos esixidos, non poderán ser contratados e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das



responsabilidades nas que incorrese por falsidade na instancia na que solicita tomar parte no concurso-oposición.

DECIMOSEGUNDA.- NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

1. Unha vez superado o proceso de selección, e con carácter previo ao seu ingreso no grupo, os admitidos realizarán un curso de carácter teórico-práctico que se impartirá pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). A participación neste curso poderá excepcionarse no caso de que o candidato conte co ciclo de formación de grado medio de técnico en emerxencias e protección civil ou certificado de profesionalidade de extinción de incendios e salvamento.
2. Superado o curso sinalado no parágrafo anterior, o Alcalde procederá ó nomeamento dos aspirantes seleccionados, e procederá á formalización dos contratos laborais correspondentes.
3. Establécese un período de proba, conforme ó art. 14 do Estatuto dos traballadores. transcorrido este período, se a persoa de que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.
4. Mentres non se formalice o contrato e non se incorporen ó posto de traballo, os aspirantes non terán dereito á percepción económica de ningunha clase.
5. Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizar o contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

DECIMOTERCEIRA.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan á Administración Municipal, aos Tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

DECIMOCUARTA.- INCIDENCIAS

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación, a cuxo efecto poderá adopta-los acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.



DECIMOQUINTA.-BOLSA DE TRABALLO

Os/as aspirantes que non obtiveron a puntuación necesaria para ser seleccionados/as, e superaron a fase de oposición, formarán parte dunha bolsa de traballo para cubrir o posto do traballador/a en caso necesario.

A non presentación no posto de traballo o día e hora indicadas para o comezo da relación laboral, entenderase como renuncia ao posto de traballo, agás por causas debidamente xustificadas. Neste caso acudiríase tamén á lista antes mencionada.

Acudirase tamén á lista cando, iniciada a relación laboral, a persoa contratada deixase de prestar servizos por non superar o periodo de proba, cese definitivo ou temporal no desempeño das funcións do emprego que se oferta, necesidades do servizo como substitucións por baixas de IT, vacacións , etc..

As comunicacións de comparecer a ocupar un posto realizaranse telefonicamente, o que quedará acreditado no expediente a través da oportuna dilixencia asinada polo empregado público que as leve a cabo. Se no momento de ser chamado un/ha candidato/a renunciara, dita renuncia pode considerarse por "causa xustificada" ou "non xustificada". Considéranse como causas xustificadas á renuncia a ocupar un posto de traballo, o que o suporá non perder o seu lugar na lista, as seguintes:

- A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico).
- O estar traballando noutro lugar (acreditado mediante contrato de traballo ou declaración xurada do interesado/a).

O/a candidato/a terá un prazo de dous días hábiles para achegar a devandita documentación acreditativa destas causas, dende o chamamento realizado. Se polo contrario ao ser chamado/a renuncia ao posto sen causa xustificada, ou sen acreditar a mesma, a primeira vez que renuncie pasará a ocupa-lo último posto da lista, e á segunda será excluído da mesma por decreto da Alcaldía.



DECIMOSEXTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

As persoas aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o seu consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento do seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, conforme a LOPD 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o seu RGPD.

Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo Concello de Muíños, con sede na Praza San Rosendo, nº1, 32880, Muíños (Ourense), onde poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

DECIMOSEPTIMA.- NORMAS FINAIS E RECURSOS.

1. Para o non previsto nestas bases será de aplicación o RD-Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, Lei 7/1985, do 2 de abril; Lei 5/1997, do 22 de xullo; RD-lexislativo 2/2015, do 23 de outubro e demais normas que sexan de aplicación.
2. Agás a convocatoria, que se publicará no BOP, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos no taboleiro de anuncios, na páxina web e sede electrónica deste Concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>].
3. Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da comisión de avaliación, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante.
4. Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado contencioso-administrativo de Ourense, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición perante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde ao día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o



prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo iso sen prexuízo do que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

O que se fai público para xeneral coñecemento. Muíños, na data da sinatura electrónica

O Alcalde.-Plácido Alvarez Dobaño.



ANEXO I – TEMARIO

- a. Protección civil. Funcións básicas e organización da protección civil en Galicia. Capítulos IV a VI do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia.
- b. Planificación en protección civil: Plans de emerxencia municipal.
- c. Incendios urbanos: teoría do lume, tipos de lumes, equipos e medios contra incendios
- d. Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción.
- e. Accidente de tráfico e excarceración.
- f. Mercadorías perigosas: clasificación, principais riscos, identificación, transporte e intervención en accidentes con mercadorías perigosas.
- g. Fundamentos de primeiros auxilios: conceptos e clases, soporte vital básico e atención inicial nas emerxencias.
- h. Plans de autoprotección: contido mínimo dos plans de autoprotección (Decreto 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia)

Unha vez superado o proceso de selección, e con carácter previo ao seu ingreso no grupo, os admitidos realizarán un curso de carácter teórico-práctico que se impartirá pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). A participación neste curso poderá excepcionalmente no caso de que o candidato conte co ciclo de formación de grado medio de técnico en emerxencias e protección civil ou certificado de profesionalidade de extinción de incendios e salvamento.

DATOS XERAIS DO CURSO

- 1.Familia Profesional: Seguridade e Medio Ambiente. Área Profesional. Protección Civil
- 2.Denominación do curso: INTERVENCIÓN EN EMERXENCIA
- 3.Código:
- 4.Tipo de curso: ESPECÍFICO



5. Obxectivo xeral: Formación do persoal dos grupos de emerxencia supramunicipal para o exercicio da súa actividade laboral de intervención en incendios forestais e urbanos, accidentes de tráfico, situacións derivadas de riscos naturais e calquera outra tarefa en materia de protección civil e emerxencias.

6. Requisitos do profesorado:

6.1. Nivel académico: titulación universitaria, (Preferentemente...) na súa falta, capacitación profesional equivalente na ocupación relacionado co curso.

6.2. Experiencia profesional: Deberá ter 2 anos de experiencia na ocupación.

6.3. Nivel pedagóxico: Formación metodolóxica, ou ben experiencia docente.

7. Requisitos de acceso do alumno:

7.1. Nivel académico ou de coñecementos xerais:

- Estar en posesión de polo menos o título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou titulación equivalente.
- Estar en posesión do carné de conducir da clase C

7.2. Nivel profesional ou técnico:

- Non se require

7.3. Condicións físicas:

Condicións físicas: carencia de afeccións, integridade física, resistencia física, forza, destreza manual, coordinación visión motora, rapidez de reflexos. "Aqueles que non impidan o normal desenvolvemento da profesión".

8. Número de alumnos: 12 alumnos por edición, sen prexuízo de que por razóns operativas poida superarse este número ao realizar conxuntamente a formación de varios GES.

9. Relación secuencial de módulos formativos:

- INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS (28 horas)
- INCENDIOS FORESTAIS (14 horas)
- ACCIDENTES DE TRÁFICO (21 horas)
- PRIMEIROS AUXILIOS (7 horas)

10. Duración:

Prácticas.....50 horas

Contidos teóricos.....20 horas

Total.....70 horas

Dúas semanas en sesión de 7 horas/diarias de luns a venres.

11. Equipo, material.

- Equipo e maquinaria:
- Dotación completa de medios de protección contra incendios de tipo manual (extintores, mangueiras, batelumes, antorchas de goteo).



- Paneis sinópticos explicativos do funcionamento do sistema de detección de incendios, alarma e extinción automática
- Radio transmisores
- Equipo de primeiros auxilios
- Equipo portátil de bombeo
- Grupos electrógenos
- Autobombas urbana e forestal
- Equipo de corte en frío (cizallas, radiais, etc.

11.2 Material de consumo:

- Folios
- Cadernos
- Bolígrafos
- Lapis

11.3 Material didáctico:

1. Manual básico do curso
2. Caderniño de ponencias

11.4 Elementos de protección. No desenvolvemento das prácticas utilizaranse os medios necesarios de seguridade e saúde laboral e observaranse as normas legais ao respecto.

DATOS ESPECÍFICOS do CURSO

Denominación do módulo nº 1: INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS

Obxectivo do módulo:

- IDENTIFICAR os tipos de combustión
- COÑECER os equipos de protección individual
- IDENTIFICAR tipos axentes extintores
- IDENTIFICAR tipos de instalacións de auga
- IDENTIFICAR tipos de bombas
- COÑECER a conducción de vehículos de emerxencias e o seu posicionamento
- COÑECER os distintos tipos de bombas, o seu funcionamento, o seu uso e necesidades de mantementos.
- COÑECER os procedementos de actuación en incendios urbanos e industriais

Duración do módulo: 28 horas

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- Prácticas de tendidos de mangueras.
- Prácticas de mantemento de bombas e impulsión



- Prácticas de conducción e de posicionamento de vehículos
- Prácticas de desprazamento en lugares de visibilidade reducida.
- Prácticas de extinción de vehículos. Prácticas de actuación en materias perigosas.
- Prácticas de extinción de incendios de gases.

B) Contidos teóricos

- Tipos de combustión.
- Equipos de protección individual. O traxe de intervención. EL ERA: partes, uso e mantemento.
- Axentes extintores: espumas, extintores portátiles, auga.
- Instalacións de auga: mangueras, hidrantes, columnas secas y BIE.
- Traxes de aproximación e de penetración ao lume. Traxes NBQ.
- Bombas, bombas de achique y turbobombas. Uso e mantemento.
- Intervención con risco eléctrico.
- A química do lume.
- Axentes extintores.
- Localización do foco.
- Orientación, busca e rescate.
- Equipos de respiración asistida
- Entradas forzosas.
- Risco químico. Identificación de mercancías perigosas.

Denominación do módulo nº 2: INCENDIOS FORESTAIS

Obxectivo do módulo:

- IDENTIFICAR os factores que afectan ao comportamento dun lume forestal
- COÑECER os métodos e medios de prevención e extinción de incendios forestais
- COÑECER os procedementos de actuación en incendios forestais
- COÑECER as normas de seguridade na prevención e extinción de incendios forestais

Duración do módulo: 14 horas.

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- Prácticas de identificación das partes dun lume forestal
- Prácticas de extinción mediante ataque directo con ferramentas manuais
- Prácticas de extinción mediante ataque directo con liña de auga



- Prácticas de extinción mediante ataque indirecto: a queima do ensanche e o contralume

B) Contidos teóricos

- A prevención de incendios forestais: actuación sobre os combustibles forestais
- A detección de incendios forestais: o proceso de comunicación
- Medios para a extinción de incendios forestais
- Organización do combate: etapas, primeiro ataque e ataque ampliado.
- Situacións de perigo e normas de seguridade

Denominación do módulo nº 3: ACCIDENTES DE TRÁFICO

Obxectivo do módulo:

- COÑECER os procedementos de intervención en accidentes de tráfico

Duración do módulo: 21 horas.

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- Prácticas vehículos
- Desencarceración, excarceración e simulacións

B) Contidos teóricos

- Introducción aos accidentes de tráfico.
- Coordinación en accidentes de tráfico.
- Seguridade pasiva.
- Estabilización de vehículos.
- Seguridade persoal en accidentes de tráfico
- Sistemática de intervención en accidentes de tráfico prácticas con vehículos.

Denominación do módulo nº 4: PRIMEIROS AUXILIOS

Obxectivos do módulo:

- COÑECER procedementos a seguir en primeiros auxilios
- IDENTIFICAR tipos de queimaduras
- IDENTIFICAR tipos de traumatismos
- IDENTIFICAR outros tipos de lesións e feridas
- Duración do módulo: 7 horas
- Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- Reanimación: tipos



- Rescates con feridas
- Rescates de interior de vehículos
- Desencarcelación, excarceracións e simulacións

B) Contidos teóricos

- Queimaduras
- Alteracións eléctricas
- Afogamentos
- Traumatismos craneoencefálicos, médulas, torácico-abdominais
- Reanimación cardiopulmonar
- Feridas e hemorraxias
- Luxacións e contusións
- Torceduras
- Pautas de actuación en accidentes de tráfico
- Equipos de corte y separación
- Equipos hidráulicos
- Excarceracións

ANEXO II.- MODELO DE INSTANCIA.

DATOS DO SOLICITANTE.



NOME E APELIDOS:			
NIF / NIE Nº.:		NACIONALIDADE:	
DOMICILIO NOTIFICACIÓNS:			
LOCALIDADE:		CÓDIGO POSTAL:	
PROVINCIA:			
TELÉFONO:		TELÉFONO MÓVIL:	
CORREO ELECTRÓNICO:			

EXPÓN: Que, unha vez informado da convocatoria para a provisión de tres **(3) prazas de peón de emerxencias, prevención e defensa contra incendios forestais** para o Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) da zona Baixa Limia-Muiños feita polo Concello de Muiños para cubrir, como **persoal laboral temporal de duración determinada de substitución para a cobertura dun posto de traballo durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva mediante contrato fixo.**

1. Que tiven coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Muiños para cubrir, con carácter temporal, mediante concurso-oposición, tres (3) prazas para o GES da zona Baixa Limia-Muiños.
2. Que reúno os requisitos previstos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer.
3. Que achego coa presente instancia a seguinte documentación:
 - Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de extranxeiros.
 - Copia cotexada da titulación esixida.
 - Copia cotexada do título de galego Celga 1 ou equivalente
 - Copia cotexada do carnet de conducir tipo C, en vigor.
 - Acreditación pago taxa.
 - Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos...)
 -
 -
 -
 -
 -



-
-
-
-

SOLICITA: Que sexa admitido/a a tomar parte no procedemento, comprometéndose a someterse ás bases que o regulan.

POSTO SOLICITADO:

- Peón GES

LUGAR, DATA E FIRMA.

En Muíños, _____ de _____ de 2022.

Asdo.: _____



De acordo co preceptuado no artigo 45.1.b da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, O Concello de Muíños realizará a publicación dos datos persoais dos candidatos e das posibles causas de exclusión, no Taboleiro de Anuncios, na sede electrónica do Concello de Muíños e na Páxina Web do Concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

PROTECCIÓN DE DATOS:

En cumprimento da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoales e garantía dos dereitos dixitais, se lle informa que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen nun ficheiro, titularidade do Concello de Muíños, coa finalidade de xestionar todo o relacionado co expediente tramitado.

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Concello de Muíños e incorporados á actividade de tratamento "Provisión de postos de traballo", coa finalidade de selección de persoal e provisión de postos de traballo mediante convocatorias públicas. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a súa solicitude e resolver a convocatoria na que participa. A lexitimidade do tratamento baséase no consentimento do interesado no cumprimento de obrigacións legais polo Concello de Muíños. Os datos de carácter persoal podense comunicados a outras administracións ou rexistros públicos, e publicados no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello e na sede electrónica do Concello de Muíños. Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir con a finalidade para a que se recollen e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento de los datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español. Pode exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Concello de Muíños, Praza San Rosendo, nº 1, 32880 Muíños (Ourense) ou na dirección de correo electrónico concellomuinos.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUIÑOS.



ANEXO III.- DECLARACIÓN XURADA.

D./D^a. _____,
con DNI núm. _____, con domicilio a efectos de notificación en
_____.

DECLARA baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido no proceso selectivo para contratación de tres **(3) prazas de peón de emerxencias, prevención e defensa contra incendios forestais** para o Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) da zona Baixa Limia-Muiños feita polo Concello de Muiños para cubrir, como persoal laboral temporal de duración determinada de substitución para a cobertura dun posto de traballo durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva mediante contrato fixo:

- non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas,
- non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e
- non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

En Muiños, a dede 2022.

O/A solicitante,

Asdo: _____.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MUIÑOS

Concello de Muiños

Plza. San Rosendo, 1, Mugueimes. 32880 (Ourense). Tfno. 988456403. Fax: 988456480

